

Informe das enquisas propias do Máster en Estudos da literatura e da cultura (MELC)
2021-2022

O número de participantes nas enquisas de perfil ingreso, de satisfacción co máster e de satisfacción co TFM do curso 2020-2021, elaboradas polo MELC, foi moi escasa, respectivamente: 15, 14 e 15.

Nas enquisas de perfil de ingreso cada pregunta presenta varias respostas posibles das que a persoa enquisada pode marcar unha ou máis. Estes son os resultados das preguntas máis significativas:

- Que o motivou a facer o máster?:
 - Formación: 14
 - Acadar o meu obxectivo profesional: 7
 - Busca de emprego: 1
 - Porque ter un título de máster está ben valorado: 1
 - Promoción de emprego:
 - Outros: porque dá puntos nas oposicións:

Estes resultados implican que o MELC é percibido como un programa esencialmente formativo, aínda que tamén cunha forte vinculación laboral.

- Que aspecto influíu máis para elixir o Máster en Estudos da Literatura e da Cultura?
 - O seu plan de estudos: 9
 - Por vocación: 6
 - Para mellorar coñecementos e destrezas: 3
 - O seu plan de estudos:
 - Pola súa orientación cara a unha formación práctica: 1
 - Polo alto nivel do profesorado:
 - Por recomendación de outras persoas: 2
 - Pola calidade do ensino: 1
 - Por ubicación xeográfica: 3
 - Outros: 2

Estes resultados subliñan a percepción maioritariamente positiva do plan de estudos do MELC, así como o carácter vocacional do seu estudantado do MELC.

- Cantas horas de traballo global (asistencia a clase, estudo, consultas, lecturas etc.) ten pensado dedicarlle semanalmente aos estudos deste máster?
 - Menos de 20:
 - Entre 20 e 30: 5
 - Entre 30 e 40: 8
 - Máis de 40: 2

Aínda que maioritariamente as persoas enquisadas pensa nunha dedicación a tempo completo (de 30 horas en adiante) aos seus estudos do MELC (66,6%), é significativo tamén o número de persoas que non lle adicarán a xornada completa (unha cifra que supera a de persoas que solicitaron a matrícula a tempo parcial).

- Que desexa facer unha vez rematado os estudos de Máster?
 - Acceder ao mercado laboral: 6
 - Cursar outros estudos: 2
 - Realizar a tese de doutoramento: 8
 - Outros: 3

Nestes resultados destaca a case que igualdade tanto das perspectivas de realizar unha tese doutoral tras rematar o MELC como de acceder ao mercado laboral.

- Que agarda deste título universitario?
 - Formación teórica: 10
 - Coñecementos prácticos: 8
 - Razoamento crítico e compromiso ético: 5
 - Outros: 1

Destacan as expectativas sobre a formación teórica que se espera recibir, aínda que tamén é significativo o número de respostas que apuntan aos coñecementos prácticos, e un tanto sorprendente nun máster non profesionalizante.

- Como valora a páxina web oficial do máster?
 - Correcta: 13
 - Mellorable: 2

A valoración da web é claramente positiva.

- Como valora a información da/o coordinador/a?
 - Boa: 7
 - Moi boa: 7

A valoración da información recibida por parte do coordinador do máster é considerada globalmente suficiente.

Nas enquisas de satisfacción global co MELC, das que se realizaron 14, o primeiro bloque («Sobre o programa formativo e o desenvolvemento do ensino») recibiu unha

valoración globalmente positiva (respostas maioritariamente do ámbito do 4 e o 5 sen ningunha valoración de 1 ou 2, nun ámbito de 1 a 5) en 6 casos; en 7 casos a valoración foi alternante (con valoracións positivas nalgúns das preguntas e outras con valoración por debaixo do 3; como en 3 ocasións en A3 e A4, en 2 ocasións en A6, A9 e A10, e en 1 ocasión en A1, A2, A5 e A7); e en 1 caso foi claramente negativa (máis valoracións por debaixo de 3 que por encima dese límite).

No segundo bloque («Sobre o traballo de fin de máster») as respostas globalmente positivas foron un total de 9 casos; en 4 casos a valoración foi alternante (con valoracións positivas nalgúns das preguntas e outras con valoración por debaixo do 3; como en B11, B13 e B15 en 1 ocasión, e en B16 en 2 casos); e en 1 caso foi claramente negativa.

No terceiro bloque («Sobre a infraestrutura académica e a biblioteca do centro») as respostas globalmente positivas foron un total de 11 casos; en 1 caso a valoración foi alternante (con valoracións positivas nalgúns das preguntas e outras con valoración por debaixo do 3; como en B20); e en 2 casos foi claramente negativa.

No cuarto bloque («Autovaloración do/a alumno/a») as respostas globalmente positivas foron un total de 9 casos; en 4 casos a valoración foi alternante (con valoracións positivas nalgúns das preguntas e outras con valoración por debaixo do 3, como en D24 en 2 ocasións e D25 en 3 casos); e en 1 caso foi claramente negativa.

No quinto bloque («Resultados globais. Valore o conxunto do máster») as respostas globalmente positivas foron un total de 9; en 3 casos a valoración foi alternante (con valoracións positivas nalgúns das preguntas e outras con valoración por debaixo do 3; como en 1 ocasión E27, E31 e E32, e en 3 casos en E30); e en 2 casos foi claramente negativa.

No apartado de observacións faise notar nunha ocasión a percepción dun excesivo número de materias no primeiro semestre, a necesidade de crear unha guía do TFM máis completa ou a falta de adaptación do profesorado ao nivel do alumnado (aínda que non se indica se por exceso ou por defecto).

De todos estes datos dedúcese unha global satisfacción co MELC por parte do seu alumnado posto que un 64,28% valora positivamente o conxunto do máster (bloque 5) e só un 14,28% o considera negativamente no seu conxunto. Iso non quere dicir que non se deba seguir a traballar para tentar acadar un 100% de satisfacción. Nos bloques segundo, terceiro e cuarto son tamén amplamente dominantes as valoracións globalmente positivas; e só no primeiro é superior a valoración que denominamos «alternante» (50%) sobre a globalmente positiva 42,86%). Neste aspecto cómpre subliñar que as preguntas que recibiron máis

valoracións negativas foron as relativas a se a oferta de materias optativas eran suficiente (A3) e á variedade e calidade das prácticas (A4). A variación da oferta de optativas implica abrir un proceso de reestruturación do MELC, polo que cumprirá observar estes datos ao longo de varios cursos antes de tomar unha decisión ao respecto. No ámbito das prácticas o MELC non está nunca satisfeito co número e variedade da oferta e todos os anos realiza importantes esforzos para incrementalas.

Recibíronse 15 enquisas de satisfacción co TFM (unha das cales responde só ás preguntas dos bloques A, F e G). No seu apartado A («Dedicación», é dicir o tempo necesario para a realización do traballo), no que se interroga sobre catro tipoloxías de actividade, consideran que o tempo determinado para cada unha deles é globalmente suficiente (3 ou 4 respostas neste senso) en todos os casos.

No bloque B («Avaliación»), no que a persoa enquisada debe responder a 8 preguntas (nun ámbito de 1, nada de acordo, a 3, moi de acordo), son positivas (maioría de respostas 3, con presenza de 2, pero ningún 1) 9 enquisas; resultan alternantes (maioría de respostas 2 e 3, pero con algún 1, ou todas 2) 5 casos (con valoración 1 das cuestións B1, B3, B6 e B8 nunha ocasión cada unha; B4 en dúas; e B2 en tres casos); e non é claramente negativa (maioría de respostas 1 e ningún 3) ningunha enquisa.

No bloque C («Actividades formativas complementarias») o estudantado debe sinalar actividades que, na súa opinión, facilitarían o proceso de realización do TFM. As opcións son e as veces que foron marcadas son:

3A. Xestión de recursos bibliográficos: 10

3B. Presentación formal (citas, referencias bibliográficas, formatos, etc.): 8

3C. Redacción de documentos: 8

3D. Procura de información en bases de datos: 3

3E. Técnicas de exposición oral: 8

3F. Uso de software específico: 3

3G. Outras: 0

No bloque D («Competencias desenvolvidas»), cun sistema de valoración similar ao do bloque B, son positivas 11 enquisas; resultan alternantes 2 casos; e son claramente negativas 1 enquisas (con valoración negativa dos ítems 4A, 4B, 4D e 4F).

No bloque E («Dedicación do/a titor/a») o aspecto máis significativo é a percepción de se a dedicación do/a titor/a foi suficiente (11 casos) ou insuficiente (3 enquisas).

No bloque F («Información proporcionada» na web, nos documentos distribuídos, nos correos electrónicos, etc.) a persoa enquisada debe responder a tres cuestións valoradas como no bloque B. Son positivas 11 enquisas; non hai ningún caso de enquisa alternante; e son claramente negativas 4 enquisas.

No bloque G («Satisfacción global») a persoa enquisada debe responder a catro cuestións valoradas como no bloque B. Son positivas 10 enquisas; resultan alternantes 5 casos (con resposta 1 a 11A e a 11B en dúas ocasións cada unha); e ningunha é claramente negativa.

A valoración de todo o proceso de realización do TFM é claramente positivo en todos os bloques. De todos os xeitos existe un nivel de insatisfacción (35,71%) que non pode ser obviado no bloque B e que podería derivar dun coñecemento previo insuficiente do estudiantado dos criterios de avaliación, polo que poderían ser incluídos nunha nova guía ao TFM que se está a elaborar neste período. Deben ser tamén mellorados todos os procesos de transmisión de información ao estudiantado (aínda que cómpre subliñar que a web oficial do título depende directamente da reitoría da USC, e non do MELC), posto que no bloque F, aínda que é absolutamente maioritaria a satisfacción dos usuarios, o 26,66% deles manifestan unha insatisfacción total.